



# Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

## Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail:sghn@sghn.org

Sr. Presidente  
Xunta de Galicia

**ASUNTO: NOVA INFORMACIÓN CIENTÍFICA SOBRE O RISCO SANITARIO E AMBIENTAL POLOS ELEVADOS NIVEIS DE ARSÉNICO NA ZONA DA MINA DE OURO PROXECTADA EN CORCOESTO (Cabana, Coristanco e Ponteceso; A Coruña).**

D. Serafín J. González Prieto, en nome e representación da SGHN na súa cualidade de Presidente da asociación,

**EXPÓN:**

1. Que na monografía sobre niveis de referencia de metais pesados e elementos traza en solos de Galicia (Macías Vázquez, F., Calvo de Anta, R., 2009) realizada no Departamento de Edafoloxía e Química Agrícola da Universidade de Santiago por encargo da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Xunta de Galicia) indícase en relación ao arsénico (texto literal en cursiva, o único cambio feito por SGHN é o emprego de negriña para salientar algunas frases):
  - a. "*Os maiores riscos de contaminación de solos por As atópanse en zonas onde se realizaron actividades mineiras e siderúrxicas, procesos de combustión, xestión de residuos ou utilización de pesticidas para a conservación de madeira ou a eliminación de pragas recalcitrantes*" (p. 58).
  - b. "*Tendo en conta todos estes resultados, o NGR(As) para protección da saúde humana non debería exceder de 1,5 mg/kg. Considerando que o nivel edafoxeoquímico de fondo dos solos de Galicia é 45 mg/kg (e maior de 60 mg/kg en esquistos e pizarras de áreas mineralizadas), optouse por establecer un NGR(As)outros usos de 50 mg/kg, para todos os materiais, só superable en zonas de demostrada presenza de arsenopirita (que deberían ser consideradas para estudos de risco natural). En calquera caso, a elevada perigosidade do As debe terse en conta e a contaminación por este elemento fortemente controlada e, no posible, minimizada*" (p. 60).
2. Que no recente artigo científico de Devesa-Rey e colaboradores (2011) estos investigadores do Departamento de Edafoloxía e Química Agrícola da Universidade de Santiago afirman que (tradución literal do texto en cursiva, o único cambio feito por SGHN é o emprego de negriña para salientar algunas frases):
  - a. "*Nos arredores dos sitios de mostraxe 10 e 11, existen vastos filóns de cuarzo-arsenopirita que conteñen ouro e que foron explotados no pasado. A deposición de materiais metalíferos augas abaixo desta área podería ser a causa das elevadas concentracións de arsénico observadas neses sitios*". (Nota: os sitios de mostraxe 10 e 11 sitúanse augas abaixo de Corcoesto).
  - b. "*Malia que a ocurrencia de arsénico na bacía do Anllóns está a asociada aos filóns de arsenopiritas, a súa acumulación nos sedimentos fluviais pode considerarse unha consecuencia directa das actividades mineiras e, polo tanto, asignada a orixe antropoxénica. A súa toxicidade para as poboacións bentónicas e o elevado contido de arsénico mobilizable de acordo co test de oxalato permiten considerar a este elemento como de elevada preocupación ambiental.*"
  - c. "*O elevado enriquecemento en arsénico, elevada extractabilidade con oxalato e toxicidade potencial*



# Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

## Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail:sghn@sghn.org

*para os organismos bentónicos salienta a necesidade dun cuidadoso seguemento ambiental dos sitios afectados".*

3. Que as publicacións científico-técnicas indicadas nos dous puntos anteriores veñen a engadirse á de Costas e colaboradores (2011) - investigadores do Instituto de Investigacións Mariñas (CSIC) e a Universidade de Vigo - sobre os riscos sanitarios e ambientais dos elevados niveis de arsénico na bacía do río Anllóns, que SGHN xa lle remitiu a vostede o 27-12-2012.

Tendo en conta a devandita información científico-técnica, a máis recente e detallada disponíbel, publicada por prestixiosos grupos de investigación do Instituto de Investigacións Mariñas (CSIC), a Universidade de Vigo e a Universidade de Santiago de Compostela, e mesmo financiada e/ou encargada pola Xunta de Galicia nalgúns casos,

## SOLICITA:

1. **Que en aplicación do principio de cautela se anule a Declaración de Impacto Ambiental positiva para o proxecto Concesións de explotación "Emilita" nº 1221, "Ciudad de Landró" nº 1454 e "Ciudad del Masma" nº 1445, que forman o coñecido como "Grupo mineiro de Corcoesto" (Cabana, Coristanco e Ponteceso; A Coruña).**
2. **Que a Consellería de Sanidade e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas avalíen, respectivamente, o risco natural que para a saúde humana e para os ecosistemas terrestres, fluviais e mariños supoñen as elevadas concentracións naturais de arsénico na zona en que Edgewater Exploration pretende poñer en explotación a mina de ouro de Corcoesto.**
3. **Que a Xunta de Galicia no autoricen ningunha explotación mineira, nin movementos masivos de terras, na zona de Corcoesto en tanto non se dispoña da devandita avaliación de risco natural.**

En Santiago de Compostela, a 25 de abril de 2013

O Presidente da SGHN,

Serafín González Prieto

## BIBLIOGRAFÍA CITADA

1. Macías Vázquez, F., Calvo de Anta, R. (2009). Niveles genéricos de referencia de metales pesados y otros elementos traza en suelos de Galicia. Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Xunta de Galicia) .
2. Devesa-Rey, R., Díaz-Fierros, F., Barral, M.T. (2011). Assessment of enrichment factors and grain size influence on the metal distribution in riverbed sediments (Anllóns River, NW Spain). Environmental Monitoring and Assessment 179, 371–388.
3. Costas M, Prego R, Filgueiras AV, Bendicho C. (2011). Land-ocean contributions of arsenic through a river-estuary-ria system (SW Europe) under the influence of arsenopyrite deposits in the fluvial basin. Science of the Total Environment 412-413, 304-314.